

**PLAN DE FORMACIÓN AGRUPADO PARA O EMPREGO PÚBLICO LOCAL
(FORMACIÓN CONTINUA)
ENQUISA ANUAL DE NECESIDADES DE FORMACIÓN PARA O ANO 2026**

ENQUISA INDIVIDUAL, COLECTIVA e SINDICAL

**NOTA INFORMATIVA nº 2
PARA FACILITAR AS RESPÓSTAS DA ENQUISA EN RELACIÓN AOS SEUS NOVOS DATOS**

C.- INFORMACIÓN ADICIONAL NECESARIA PARA FACILITAR A SELECCIÓN DAS RESPÓSTAS DA ENQUISA DE NECESIDADES FORMATIVAS.-

C.1.- NOVO DATO: COLECTIVO PROFESIONAL.-

Solapa: DATOS DA PERSOA SOLICITANTE / PARTICIPANTE: **COLECTIVO PROFESIONAL:**

Método para encher os datos da enquisa: Deberá de seleccionarse só unha (1) única opción da listaxe, que sexa aquela área que supoña ou represente o maior contido ou relevancia das funcións ou tarefas habituais do posto de traballo da persoa solicitante / participante.

- Listaxe de datos seleccionables:

Colectivo Profesional
Cargo electo
Habilitación nacional
Cargo directivo
Mando executivo
Mando operativo
Técnica/o especialista
Técnica/o auxiliar
Apoio administrativo
Apoio operativo
Persoal de oficios
Persoal subalterno
Outro colectivo

Nota Adicional: Ver información adicional sobre contido dos datos seleccionables da área do posto de traballo e do colectivo profesional nas notas informativas adicionais (formato PDF) que constan na páxina WEB de Formación da Deputación da Coruña:

<https://www.dacoruna.gal/formacion/estudo-necesidades/>

-
- Nota Informativa nº 1: Xustificación dos novos datos da enquisa
 - Nota Informativa nº 3: Área do posto de traballo Mapa de áreas de traballo tipo
Modalidade de realización da acción formativa
-

A Coruña, febreiro de 2026.

A Sección de Formación da Deputación da Coruña.

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE A TIPOLOXÍA DE POSTOS DE TRABAJO DE REFERENCIA PARA SELECCIONAR O COLECTIVO PROFESIONAL DE PERTENZA

Co obxectivo de clasificar os postos de traballo máis presentes nas estruturas organizativas dos concellos e entidades locais adheridas ao plan de formación agrupado, esta Sección de Formación deseñou un **mapa de postos tipos** que contén unha **tipoloxía de postos de traballo**, que serán utilizados como postos de traballo de referencia, aos efectos exclusivos da planificación e xestión da formación para o emprego público local (formación continua) e facilitar a selección do colectivo profesional ao que pertenza a persoa solicitante / participante desta enquisa ou a tipoloxía das persoas destinatarias da formación proposta.

- **Colectivos profesionais.** Son agrupacións de postos de traballo a partir de criterios baseados nos requirimentos esixidos ás persoas ocupantes na aplicación de determinadas habilidades funcionais, tanto desde o punto de vista da complexidade técnica das tarefas para desenvolver (perspectiva vertical), como da polivalencia (perspectiva horizontal). Identifícanse varios colectivos, desagregados cos seguintes sub-colectivos: Cargo electo, Habilitación nacional, Directivo (Executivo, Operativo), Técnico (Especialista, Auxiliar), Apoio (Administrativo, Operativo), Oficios e Subalterno.

Nos seguintes apartados desagreganse as definicións e características destas variables de clasificación.

1.1. Os colectivos profesionais e os postos de traballo

As accións formativas (cursos de formación) van dirixidos ao persoal empregado público local tendo como referencia, actual ou futura, un itinerario formativo determinado. O primeiro grupo de persoas destinatarias son os colectivos profesionais, conforme as agrupacións de postos de traballo presentes nas entidades locais. O segundo grupo de persoas destinatarias, subsidiario do primeiro é a tipoloxía dos postos de traballo tipo, que se identifican a partir do seu ámbito funcional.

Todas as accións formativas se planifican e deseñan para un colectivo profesional ou perfil profesional destinatario. Esta é unha referencia obxectiva, flexible e adaptable a cada entidade local, cara a detectar e atender as necesidades formativas das persoas empregadas públicas locais. Naqueles casos onde esta concreción é posible, as accións formativas especifican, de forma determinada, os seus postos de traballo ou perfís profesionais destinatarios.

Nos epígrafes seguintes faise unha descrición orientativa das persoas destinatarias das accións formativas en función do seu perfil profesional, aos efectos exclusivamente da planificación e xestión da formación continua.

1.1.1 Cargo electo

Neste epígrafe incluímos o descriptor de 'concelleira/o', equiparado a un posto de traballo aos efectos exclusivos da xestión da formación. É unha novidade con respecto as edicións previas da enquisa de necesidades formativas dos anos anteriores, para recoller aquelas accións e recursos formativos dirixidas especificamente a este colectivo que non é persoa empregada pública local.

ÁMBITO FUNCIONAL	COLECTIVO PROFES.: CARGO ELECTO
Cargo electo	Alcalde/esa Concelleira/o Deputada/o Presidenta/e da corporación local

Servizo de Organización
Sección de Formación

1.1.2 Habilitación nacional

É un colectivo formado por persoal funcionario de carreira con habilitación de carácter estatal que teñen reservadas en exclusiva funcións moi concretas (só este persoal pode exercelas): de fe pública e asesoramento legal preceptivo, de fiscalización económica financeira, contabilidade, tesourería e recadación.

En todas as entidades locais hai un posto de traballo denominado secretaría, ao cal lle corresponde a responsabilidade administrativa das atribucións enumeradas na normativa vixente. En todo caso, á persoa titular do posto de secretaría se lle asignan as funcións de fe pública e as de asesoramento legal preceptivo.

Ás entidades locais cunha secretaría que estea clasificada en clase primeira ou segunda, haberá un posto de traballo denominado intervención, ao cal lle corresponde a responsabilidade administrativa das atribucións enumeradas na normativa vixente. En todo caso, a intervención comporta a función de control e fiscalización interna da xestión económica, financeira e orzamentaria, e tamén a de contabilidade.

Ás entidades locais cunha secretaría que estea clasificada en clase terceira, as funcións propias da intervención formarán parte do contido do posto de traballo de secretaría, salvo que se agrupen a efectos de intervención.

Ás entidades locais que teñan un posto de traballo de tesourería, este terá asignadas as funcións que lle atribúe a normativa vixente, e a xefatura dos servizos de recadación.

Ás entidades locais ás que se lles aplica o réxime de organización dos municipios de gran poboación, terán as peculiaridades previstas polo normativa local para este tipo de persoal funcionario de carreira con habilitación de carácter estatal

Os postos de traballo que forman este colectivo profesional son:

ÁMBITO FUNCIONAL	COLECTIVO PROFES.: HABILITACIÓN NACIONAL
Habilitación nacional	Secretaria/o Secretaria/o Xeral Interventor/a Interventor/a Xeral Secretaria/o-Interventor/a Tesoureira/o Oficial maior Vicesecretaria/o Viceinterventor/a Vicetesoureira/o Interventor/a adxunto/a

Servizo de Organización
Sección de Formación

1.1.3 Cargo directivo

É un colectivo profesional situado no vértice da estrutura administrativa ou dunha área funcional que desenvolve e executa os plans de actuación e decisións adoptadas polos órganos de goberno competentes, así como a planificación e coordinación de actividades e servizos, avaliación e proposta de innovación e mellora en relación cos servizos e actividades do seu ámbito de xestión.

O compoñente técnico deste tipo de posto, cando se exerce, nun segundo nivel, con frecuencia se delega neste, para concentrar máis nos obxectivos directivos.

Este tipo de postos é habitual nas entidades locais ás que se lles aplica o réxime de organización dos municipios de gran poboación.

Os postos de traballo que forman este colectivo profesional son:

ÁMBITO FUNCIONAL	COLECTIVO PROFES.: CARGO DIRECTIVO
Cargo directivo	Xerenta/e Coordinador/a área Director/a área Xerenta/e organismo autónomo Xefa/e policía local

1.1.4 Mando executivo

É o colectivo profesional con funcións de dirección de actividades e servizos de segundo nivel con funcións de coordinación e planificación sobre diferentes ámbitos organizativos, agrupados por unha lóxica funcional ou pola natureza dos mesmos.

En función das dimensións e características de cada organización, pode ter un compoñente técnico máis ou menos alto.

Os postos de traballo que forman este colectivo profesional son:

ÁMBITO FUNCIONAL	COLECTIVO PROFES.: MANDO EXECUTIVO
Mando executivo	Xefa/e servizo Xefa/e sección
Servizos de desenvolvemento territorial	Director/a mercado municipal Director/a centro de emprego
Servizos de atención cidadá	Director/a biblioteca Director/a centro educativo Director/a equipamento deportivo Director/a equipamento cultural Director/a centro cívico
Servizos de benestar social	Director/a centro ou unidade de atención social
Servizos de seguridade cidadá	Inspector/a policía local Subinspector/a policía local

Servizo de Organización
Sección de Formación

1.1.5 Mando operativo

É o colectivo profesional con funcións de organización e control na execución de tarefas dun grupo de traballo ou ámbito funcional. A razón da existencia do grupo de traballo é a execución de gran número de tarefas operativas, que son centralizadas e distribuídas polo xefe uniformemente entre os diferentes compoñentes do ámbito funcional.

A pesar de que se trata dun posto de mando, a miúdo a súa diferenciación xerárquica con outros integrantes da unidade non é tan alta como, por exemplo, no caso do mando executivo, e pode exercer as mesmas funcións que outros postos base, ademais das súas responsabilidades como persoa titular dunha xefatura.

Os postos de traballo que forman este colectivo profesional son:

ÁMBITO FUNCIONAL	COLECTIVO PROFES.: MANDO OPERATIVO
Mando operativo	Xefa/e departamento Xefa/e unidade Xefa/e negociado
Servizos de desenvolvemento territorial	Encargada/o Xefa/e de equipo
Servizos de seguridade cidadá	Sarxenta/o policía local Cabo policía local

Servizo de Organización
Sección de Formación

1.1.6 Técnica/o especialista

É o colectivo profesional con funcións que requiren duns coñecementos especializados e do dominio de técnicas e procesos complexos. É responsable de determinados aspectos funcionais, guiado e dirixido respecto das tarefas que se han de executar, a pesar de que pode supervisar actuacións doutros sen exercer funcións concretas de mando.

Pode tratarse dun posto singular ou base.

Os postos de traballo que forman este colectivo profesional son:

ÁMBITO FUNCIONAL	COLECTIVO PROFES.: TÉCNICA/O ESPECIALISTA
Servizos de apoio interno	Técnica/o xurídico Técnica/o servizos económicos Técnica/o contratación/compras Técnica/o recursos humanos Técnica/o formación Técnica/o organización Técnica/o prevención riscos laborais Arquiveira/o Técnica/o comunicación Técnica/o protocolo Analista informática/o Programador/a informática/o Técnica/o cooperación/relacións internacionais Delegada/o protección de datos
Servizos de desenvolvemento territorial	Arquitecta/o Arquitecta/o técnica/o Enxeñeira/o Enxeñeira/o técnica/o Topógrafa/o Técnica/o medio ambiente Técnica/o mobilidade Técnico/a vivenda
Servizos de desenvolvemento económico	Técnica/o promoción económica Técnica/o comercio Técnica/o turismo Técnica/o emprego Orientador/a laboral
Servizos de acción cidadá	Técnica/o educación Mestra/e escola infantil Profesor/a escola Técnica/o cultura Técnica/o patrimonio cultural Bibliotecaria/o Técnica/o consumo Técnica/o deportes Técnica/o museo Técnica/o saúde pública Locutor/a radio / tv Técnica/o diversidade / civismo / convivencia Técnica/o igualdade Técnica/o mocidade Técnica/o participación cidadá

Servizo de Organización
Sección de Formación

ÁMBITO FUNCIONAL	COLECTIVO PROFES.: TÉCNICA/O ESPECIALISTA
Servizos de benestar social	Médica/o Enfermeira/o Psicóloga/o Traballador/a social Educador/a social Técnica/o infancia / menores Técnica/o familia / xente maior / inclusión social / muller Técnica/o apoio ou atención social
Servizos de seguridade cidadá	Técnica/o protección civil

1.1.7 Técnica/o auxiliar

É o colectivo profesional con funcións preparatorias ou derivadas da xestión técnica, asumindo actividades de colaboración nas funcións atribuídas a/os técnicas/os medianas/os e/ou técnicas/os superiores. Recibe pautas de actuación (guiaxe) con certa marxe para actuar e a partir dos recursos materiais e persoais habilitados.

Trátase sempre dunha posto base.

Os postos de traballo que forman este colectivo profesional son:

ÁMBITO FUNCIONAL	COLECTIVO PROFES.: TÉCNICA/O AUXILIAR
Servizos de apoio interno	Recadador/a Inspector/a tributaria/o Axente tributaria/o
Servizos de desenvolvemento territorial	Delineante Inspector/a vía pública
Servizos de acción cidadá	Educador/a infantil Inspector/a consumo Inspector/a saúde pública Animador/a sociocultural Técnica/o auxiliar biblioteca Técnica/o auxiliar escenario

Servizo de Organización
Sección de Formación

1.1.8 Apoio administrativo

É o colectivo profesional con funcións administrativas ou de tramitación que, sen chegar a ser propias dun nivel técnico, si que necesitan duns mínimos de formación cualificada e do dominio de determinadas técnicas básicas. Ten que asumir responsabilidades en campos e aspectos moi determinados e pódese mover con certa autonomía, dentro duns límites previamente definidos con claridade.

Os postos de traballo que forman este colectivo profesional son:

ÁMBITO FUNCIONAL	COLECTIVO PROFES.: APOIO ADMINISTRATIVO
Diversos servizos	Xestor/a atención cidadá Administrativa/o Oficial administrativo Xestor/a administrativa/o Secretaria/o de posto directivo ou alto cargo Auxiliar administrativa/o

1.1.9 Apoio operativo

É o colectivo profesional con funcións de apoio que, sen chegar a ser propias dun nivel técnico, si necesitan duns mínimos de formación cualificada e do dominio de determinadas técnicas básicas. Ten que asumir responsabilidades en campos e aspectos moi determinados e pódese mover con certa autonomía, dentro duns límites previamente definidos con claridade.

Os postos de traballo que forman este colectivo profesional son:

ÁMBITO FUNCIONAL	COLECTIVO PROFES.: APOIO OPERATIVO
Diversos servizos	Auxiliar apoio
Servizos de apoio interno	Operador/a informática/o
Servizos de desenvolvemento territorial	Celador/a
Servizos de desenvolvemento económico	Informador/a turística/o Controlador/a mercado venda non sedentaria
Servizos de acción cidadá	Auxiliar biblioteca Auxiliar museo Monitor/a deportiva/o Auxiliar atención cidadá
Servizos de benestar social	Traballador/a familiar Monitor/a centro aberto Auxiliar xeriatría Auxiliar atención domiciliaria Auxiliar atención residencial ou centro social
Servizos de seguridade cidadá	Axente policía local Vixiante

Servizo de Organización
Sección de Formación

1.1.10 Oficios

É o colectivo profesional con funcións orientadas a asegurar un correcto mantemento das instalacións e os equipamentos dos entes locais e/ou do espazo urbano do territorio. Clasifícanse en familias profesionais: xardinería, construción, pintura, mantemento e reparación de instalacións, etc.

Os postos de traballo que forman este colectivo profesional son:

ÁMBITO FUNCIONAL	COLECTIVO PROFES.: OFICIOS
Servizos de apoio interno	Chofer protocolo Limpador/a
Servizos de desenvolvemento territorial	Oficial brigada Operaria/o / Peón brigada Conductor/a brigada
Servizos de acción cidadá	Oficial instalacións deportivas Vendedor/a de billetes/entradas / Acomodador/a
Servizos de benestar social	Cociñeira/o Auxiliar cociña Pinche
Diversos servizos	Operario (sector de actividade)

1.1.11 Subalterno

Colectivo profesional con funcións operativas e de apoio a nivel básico, ben de ámbito administrativo, ben relacionadas con tarefas manuais. Máis que un determinado nivel de formación específica, require unha experiencia mínima ou unha capacidade adecuada de aprendizaxe de técnicas concretas.

Os postos de traballo que forman este colectivo profesional son:

ÁMBITO FUNCIONAL	COLECTIVO PROFES.: SUBALTERNO
Servizos de apoio interno	Ordenanza Telefonista Conserxe Notificador/a
Servizos de desenvolvemento territorial	Conserxe equipamento (sector de actividade)
Servizos de desenvolvemento económico	
Servizos de acción cidadá	
Servizos de benestar social	
Servizos de seguridade cidadá	

PLAN AGRUPADO DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO PUBLICO LOCAL 2026

MAPA DE POSTOS DE TRABAJO TIPO DAS ENTIDADES LOCAIS

CATEGORÍA PROFESIONAL	ÁMBITO FUNCIONAL					
	SERVIZOS DE APOIO INTERNO	SERVIZOS DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL	SERVIZOS DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO	SERVIZOS DE ACCIÓN CIDADÁ	SERVIZOS DE BENESTAR SOCIAL	SERVIZOS DE SEGURIDADE CIDADÁ
HABILITACIÓN NACIONAL	Secretaria/o Secretaria/o Xeral Interventor/a Interventor/a Xeral Secretaria/o-Interventor/a Tesoureira/o Oficial maior Vicesecretaria/o Viceinterventor/a Vicetesoureira/o Interventor/a adxunto/a					
DIRECTIVO	Xerenta/e Coordinador/a área Director/a área Xerenta/e organismo autónomo					Xefa/e policía local
MANDO	EXECUTIVO	Xefa/e servizo Xefa/e sección				
				Director/a mercado municipal Director/a centro de emprego	Director/a biblioteca Director/a centro educativo Director/a equipamento deportivo Director/a equipamento cultural Director/a centro cívico	Director/a centro ou unidade de atención social
	OPERATIVO	Xefa/e departamento Xefa/e unidade Xefa/e negociado				
		Encargada/o Xefa/e de equipo				Sarxenta/o policía local Cabo policía local

Servizo de Organización
Sección de Formación

CATEGORÍA PROFESIONAL		ÁMBITO FUNCIONAL					
		SERVIZOS DE APOIO INTERNO	SERVIZOS DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL	SERVIZOS DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO	SERVIZOS DE ACCIÓN CIDADÁ	SERVIZOS DE BENESTAR SOCIAL	SERVIZOS DE SEGURIDADE CIDADÁ
TÉCNICO	ESPECIALISTA	Técnica/o xurídico Técnica/o servizos económicos Técnica/o contratación / compras Técnica/o recursos humanos Técnica/o formación Técnica/o organización Técnica/o prevención riscos laborais Arquiveira/o Técnica/o comunicación Técnica/o protocolo Analista informática/o Programador/a informática/o Técnica/o cooperación / relacións internacionais Delegada/o protección de datos	Arquitecta/o Arquitecta/o técnica/o Enxeñeira/o Enxeñeira/o técnica/o Topógrafa/o Técnica/o medio ambiente Técnica/o mobilidade Técnico/a vivenda	Técnica/o promoción económica Técnica/o comercio Técnica/o turismo Técnica/o emprego Orientador/a laboral	Técnica/o educación Mestra/e escola infantil Profesor/a escola Técnica/o cultura Técnica/o patrimonio cultural Bibliotecaria/o Técnica/o consumo Técnica/o deportes Técnica/o museo Técnica/o saúde pública Locutor/a radio / tv Técnica/o diversidade / civismo / convivencia Técnica/o igualdade Técnica/o mocidade Técnica/o participación cidadá	Médica/o Enfermeira/o Psicóloga/o Traballador/a social Educador/a social Técnica/o infancia / menores Técnica/o familia / xente maior / inclusión social / muller Técnica/o apoio ou atención social	Técnica/o protección civil
	AUXILIAR	Recadador/a Inspector/a tributaria/o Axente tributaria/o	Delineante Inspector/a vía pública		Educador/a infantil Inspector/a consumo Inspector/a saúde pública Animador/a sociocultural Técnica/o auxiliar biblioteca Técnica/o auxiliar escenario		
APOIO	ADMINISTRATIVO	Xestor/a atención cidadá Administrativa/o / Oficial administrativa/o / Xestor/a administrativa/o Secretaria/o de posto directivo ou alto cargo Auxiliar administrativa/o					
	OPERATIVO	Auxiliar apoio					

Servizo de Organización
Sección de Formación

CATEGORÍA PROFESIONAL	ÁMBITO FUNCIONAL					
	SERVIZOS DE APOIO INTERNO	SERVIZOS DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL	SERVIZOS DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO	SERVIZOS DE ACCIÓN CIDADÁ	SERVIZOS DE BENESTAR SOCIAL	SERVIZOS DE SEGURIDADE CIDADÁ
	Operador/a informática/o	Celador/a	Informador/a turística/o Controlador/a mercado venta non sedentaria	Auxiliar biblioteca Auxiliar museo Monitor/a deportiva/o Auxiliar atención cidadá	Traballador/a familiar Monitor/a centro aberto Auxiliar xeriátrica Auxiliar atención domiciliaria Auxiliar atención residencial ou centro social	Axente policía local Vixiante
OFICIOS	Chofer protocolo Limpador/a	Oficial brigada Operaria/o / Peón brigada Condutor/a brigada		Oficial instalacións deportivas Vendedor/a de billetes / entradas / Acomodador/a.	Cociñeira/o Auxiliar cociña Pinche	
	Operario (sector de actividade)					
SUBALTERNO	Ordenanza Telefonista Conserxe Notificador/a	Conserxe equipamento (sector de actividade)				

+++